



ORDENANZA FISCAL 17/2009 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN DA REDE DE SUMIDOIROS

PREÁMBULO

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución española, e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 ao 19 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Excmo. Concello de Pontevedra establece a taxa pola prestación do servizo de xestión da rede de sumidoiros, a que se refire o artigo 20.4.r) do citado Real decreto legislativo, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, e cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do mesmo texto legal.

Artigo 1. Feito imponible

1. Constitúe o feito imponible desta taxa:

- a) A actividade municipal, técnica e administrativa, dirixida a verificar as condicións precisas para autorizar a conexión á rede municipal de sumidoiros.
- b) O mantemento integral do sistema de rede de sumidoiros de augas residuais.
- a) A prestación do servizo da rede de sumidoiros.

2. A vertedura de auga residual na rede de sumidoiros da cidade ten carácter obrigatorio para todas as fincas do municipio conectadas á rede e ocasionará a realización do feito imponible da taxa, aínda cando os interesados non soliciten a prestación de tal servizo ou non procedan a efectuar a acometida, sempre que exista a posibilidade da conexión, entendendo que esta se produce cando o inmovible diste menos de 100 metros da rede.

3. Non estarán suxeitos á taxa os inmoibles declarados ruinosos ou que teñan a condición de soar ou terreo.

Artigo 2. Suxeitos pasivos.

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades sen personalidade xurídica ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, que se encontren nos supostos seguintes:

- a) Cando se trate da concesión de licenza de conexión á rede, o propietario, usufrutuario ou titular do dominio útil do inmovible.
- b) Cando se trate do mantemento integral do sistema de rede de sumidoiros, os ocupantes ou usuarios dos inmoibles do termo municipal afectados polo servizo, calquera que sexa o título polo que o faga.

2. Terán a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte, os propietarios dos inmoibles, que poderán repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios daqueles, beneficiarios do servizo.

Artigo 3. Responsábeis

Os supostos de responsabilidade, xa sexa subsidiaria ou solidaria, serán os previstos na normativa tributaria.

Artigo 4. Beneficios fiscais

1. Estarán exentos do pago da taxa os contribuíntes beneficiarios da Renda de Integración Social de Galicia (RISGA) e os acollidos a réximes protectores de carácter público análogos ao mencionado. O carácter desta exención é rogado, xurdindo efecto a súa concesión no período impositivo seguinte ao da solicitude.

2. Os interesados que desexen solicitar a exención da cota da taxa, deberán presentar mediante escrito dirixido ao Sr. Alcalde - Presidente do Concello de Pontevedra, achegando a seguinte documentación:

1. Solicitude de concesión da exención mediante o modelo que se facilitará por este Concello.
2. Fotocopia do NIF das persoas físicas solicitantes do beneficio fiscal, así como no seu caso, xustificante que acredite a actuación a través de representación e NIF da persoa que actúe como representante.
3. Fotocopia compulsada do acordo de concesión da RISGA ou réxime protector de carácter público análogo.
4. Fotocopia do último recibo de pago da taxa por xestión da rede de sumidoiros.
5. Identificación da referencia catastral do inmovible obxecto da prestación do servizo (copia do recibo do imposto sobre bens inmovibles,...).
6. No caso en que o inmovible obxecto do servizo onde resida o solicitante da exención non sexa da súa propiedade, deberá achegar ademais:

Fotocopia do NIF do propietario do inmovible.

Fotocopia do contrato de aluguer ou documento que acredite que o propietario do inmovible cédelle o uso do mesmo ao solicitante do beneficio fiscal.

3. Se a solicitude non reúne os requisitos sinalados nos puntos anteriores, requirirase ao interesado na forma establecida no artigo 71 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, para que nun prazo de 10 días emenden a falta ou achegue os documentos preceptivos, coa indicación de que, se así non o fixese, considerarase que desistiu da súa petición, logo de resolución ditada para o efecto.

4. Tanto o propietario do ben inmovible obxecto da prestación do servizo como o beneficiario terán a obriga de comunicar á administración municipal calquera modificación nos datos relativos ao beneficio fiscal.

5. No caso de renovacións do beneficio fiscal, cando o réxime protector ao que estea acollido o interesado se acorde por un período de tempo determinado, deberase presentar soamente os documentos expresados nas letras a) e c) do punto 2 deste artigo.

6. O cambio de domicilio por parte do beneficiario suporá o cese do beneficio fiscal con efectos no mesmo bimestre en que efectivamente se probe. No seu caso deberá facer unha nova solicitude con todos os documentos expresados no punto 2 deste artigo para a concesión do beneficio fiscal no novo domicilio.

Artigo 5. Base imponible

Tomarase como base para a determinación do importe desta taxa os custos directos e indirectos necesarios para garantir o mantemento e desenvolvemento razoable do servizo de xestión da rede de sumidoiros.

Artigo 6. Cota tributaria

1. A cota da taxa regulada nesta ordenanza será o resultado de aplicar unha cantidade fixa, unha cantidade fixa máis unha tarifa ou, no seu caso, as tarifas contidas no presente artigo, que non inclúe o imposto sobre o valor engadido nos casos en que se perciba.



2. A cota tributaria correspondente á concesión da licenza de conexión á rede de sumidoiros esixirase por unha soa vez e pola cantidade fixa de 3,716 euros por cada vivenda ou local comercial.

3. A cota tributaria que se esixirá pola prestación dos servizos de rede de sumidoiros e depuración, determinarase en función da cantidade de auga, medida en metros cúbicos, utilizada no inmovible, de acordo cos usos establecidos pola Ordenanza reguladora da taxa por abastecemento de auga.

Para tal efecto aplicaranse as seguintes tarifas:

a) **Usos domésticos.**

- Cota de servizo: 3,98 euros ao bimestre.
- Cota de consumo:
 - Consumo ata 15 m³: 4,57 euros ao bimestre.
 - Máis de 15 m³: 0,405 euros/ m³.

b) **Usos comerciais e industriais.**

- Cota de servizo de rede de sumidoiros: 5,36 euros ao bimestre.
- Cota de consumo:
 - Consumo ata 45 m³: 15,17 euros ao bimestre.
 - Máis de 45 m³: 0,481 euros/ m³.

c) **Usos de obras.**

- Cota de servizo de rede de sumidoiros: 5,78 euros ao bimestre.
- Cota de consumo:
 - Consumo ata 200 m³: 71,80 euros ao bimestre.
 - Máis de 200 m³: 0,494 euros/ m³.

d) **Polígono Industrial "O Campiño".**

- Cota de servizo de rede de sumidoiros: 62,59 euros ao bimestre.
- Cota de consumo:
 - Consumo ata 45 m³: 18,52 euros ao bimestre.
 - Máis de 45 m³: 0,484 euros/ m³.

4. Para os titulares de inmoibles non conectados á rede de abastecemento de auga que reciban os servizos de rede de sumidoiro, conforme ao establecido no artigo 1.2 da presente ordenanza, fíxase unha cota igual aos importes mínimos sinalados no apartado anterior. Non obstante o anterior, no caso de realizar grandes vertidos, procederase á instalación dun contador, para a determinación da taxa por consumo real e non estimado.

5. As comunidades de propietarios ou de veciños están suxeitas ao uso doméstico cando contén con servizo de abastecemento de auga independente do que corresponda a cada un dos inmoibles.

6. Os obrigados tributarios que á finalización das obras de edificacións non presentaran as declaracións de alta no servizo por causas non imputables á administración, tributarán en concepto de taxa por dispoñibilidade e consumo na tarifa correspondente a usos de obras.

Excepcionalmente, as vivendas unifamiliares tributarán na seguinte tarifa:

- Cota de servizo de rede de sumidoiros: 5,78 euros ao bimestre.
- Cota de consumo:
 - Consumo ata 160 m³: 57,44 euros ao bimestre.
 - Máis de 160 m³: 0,494 euros/ m³.

Nos supostos de edificacións colectivas, a tarifa sinalada aplicarase, en tanto non poidan darse as correspondentes altas individualizadas, independentemente das que poidan corresponder a cada un dos inmobles que cumpran as condicións sinaladas no artigo 1.

7. Tarifas de análises, inspeccións e informes: As análises e probas para comprobar as características das verteduras efectuaranse de acordo cos métodos estándar adoptados polo laboratorio do servizo de saneamento. En todos os casos, ben sexa para a concesión da licenza de conexión ou por accións de inspección ou comprobación, ditas análises realizaranse con cargo ao responsábel da vertedura.

Segundo os artigos 3º e 22º do Regulamento de Uso e Verteduras á Rede Municipal de Saneamento de Pontevedra, as análises e inspección realizaraas a concessionaria do servizo e a cargo dos responsábeis das verteduras. Non se esixirán ao responsable da vertedura a taxa devengada polos análises e probas derivadas das inspeccións previstas no artigo 25.3 c) e d) do Regulamento do servizo cando o resultado sexa negativo.

As cantidades esixidas con ocasión da práctica das análises requiridas no Regulamento municipal de verteduras para o ano 2008 deberán axustarse ás seguintes contías:

PARÁMETROS	TARIFAS
PH	5,13 €
Conductividade	5,13 €
Sólidos en suspensión totais	15,56 €
D.B.O.5	32,51 €
D.Q.O.	26,14 €
Fósforo total	14,39 €
Nitróxeno amonacal	12,14 €
Sulfuro	17,96 €
Aceites e graxas	61,67 €
Recollida e envío mostra laboratorio	89,96 €

As cantidades que se esixirán con ocasión das actuacións de inspección e informe ás que se refire o Regulamento municipal de verteduras para o ano 2008 será de 174,38 €.

As actuacións esixidas con ocasión dos análises dos outros parámetros requiridos no Regulamento municipal de verteduras:

PARÁMETROS	€/parámetro	PARÁMETROS	€/parámetro
Aluminio	33,08 €	Estaño	33,08 €
Arsénico	49,63 €	Cobre	23,16 €
Bario	33,08 €	Zinc	23,16 €
Boro	16,53 €	Cianuros totais	53,14 €
Cadmio	33,08 €	Cloruros	14,89 €
Cromo hexavalente	23,16 €	Sulfitos	42,60 €
Cromo total	33,08 €	Sulfatos	26,45 €
Ferro	23,16 €	Fluoruros	26,45 €
Manganeso	23,16 €	Fenois totais	30,02 €
Níquel	33,08 €	Aldehidos	39,71 €
Mercurio	49,63 €	Deterxentes	30,90 €
Chumbo	33,08 €	Pesticidas	440,95 €
Selenio	49,63 €	Toxicidade	141,92 €

IVE non incluído.

Artigo 7. Período impositivo e devengo

1. O período impositivo coincidirá co bimestre natural. A taxa devéngase o primeiro día do período impositivo, salvo nos casos nos que se inicie a prestación do servizo, entendéndose iniciada:



a) Na data de presentación da oportuna solicitude de licenza de acometida, se o suxeito pasivo a formula expresamente.

b) Desde que teña lugar a efectiva acometida á rede de sumidoiros municipal. O devengo producirase con independencia de que se obtivese ou non a licenza de acometida e sen prexuízo da incoación do expediente administrativo que poida instruírse para a súa autorización.

2. Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas esixíranse o primeiro día de cada bimestre natural seguinte ao do devengo. As cantidades esixibles conforme ás tarifas serán irreductibles polo período sinalado.

NORMAS DE XESTIÓN

Artigo 8. Licenza de acometida

1. A taxa esixírase en réxime de declaración ou de autoliquidación, de acordo co exposto no art. 27.1 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

2. As persoas interesadas na obtención dunha licenza de acometida, previamente á presentación da oportuna solicitude, practicarán a correspondente declaración ou autoliquidación no impreso facilitado por este Concello, efectuarán o seu ingreso e presentarán xuntamente coa súa solicitude xustificante bancario do ingreso efectuado.

3. Se se realiza a acometida sen mediar solicitude, practicarase liquidación de oficio, sen prexuízo da apertura do correspondente expediente sancionador por infracción tributaria.

Artigo 9. Servizos de rede de sumidoiros

1. Presentarase mediante o impreso facilitado por este Concello as declaracións de alta, baixa ou modificación no servizo, que producirán efectos no período impositivo seguinte.

2. Toda declaración de alta deberá achegar:

- a) Identificación do substituto do contribuínte (aportando copia do NIF), e se non fora o mesmo, identificación do contribuínte (aportando copia do NIF).
- b) Copia do título de propiedade do inmovible obxecto do servizo.

3. Nas declaracións de modificación, de calquera tipo, deberanse aportar os documentos que a xustifiquen, entre outros, certificado da alta ou baixa no imposto de actividades económicas, licenza de primeira ocupación do inmovible,...

4. Nas declaracións de baixa, achegarase certificado de declaración de ruína da construción ou documentación acreditativa de que o inmovible adquiriu a condición de soar ou terreo. Fora dos supostos sinalados, non se admitirá baixa algunha.

5. O substituto do contribuínte, estará obrigado a comunicar as variacións de orde físico, xurídico ou económico que se produzan nos inmovibles ou actividades gravadas pola taxa. Ditas declaracións deberán presentarse no rexistro xeral deste Concello antes de que finalice o bimestre natural de facturación e, en todo caso, dentro dos 15 días naturais seguintes ao mesmo. No caso de falla de presentación de declaración ou presentación extemporánea desta, os efectos da mesma terán lugar no período impositivo seguinte ao da presentación, sen prexuízo das sancións que se puideran impoñer.

6. Establécese un sistema de xestión común da presente taxa coas taxas por prestación do servizo de abastecemento de auga e por recollida de lixo.

Artigo 10. Padrón da taxa

1. As declaracións de alta así como as liquidacións de oficio sinaladas no artigo 11, suporán a incorporación do suxeito pasivo ao padrón da taxa polos elementos declarados ou comprobados.
2. O exacción desta taxa efectuarase mediante recibo emitido ao substituto do contribuínte, onde constará, de ser o caso, o contribuínte usuario do servizo.
3. O cobro dos recibos poderase facer:
 - En metálico, ben nas oficinas do concesionario do Servizo Municipal de Augas ben nas oficinas das entidades bancarias colaboradoras.
 - Ou mediante domiciliación bancaria.
4. O cobro das cotas realizarase como máximo en seis liquidacións bimestrais, sen que sexa necesaria a notificación das cotas sucesivas que se deriven da súa declaración de alta.
5. Os padróns bimensuais de substitutos do contribuínte, unha vez aprobados polo órgano competente expóñense ao público polo prazo dun mes no taboleiro de anuncios deste Concello. En todo caso expóñense os anuncios de exposición no Boletín Oficial da Provincia.

Artigo 11. Actuación de oficio

1. A Administración municipal liquidará de oficio e incluírá no padrón a todos os suxeitos que non presentasen a correspondente declaración de alta, quen deberán achegar a documentación sinalada no apartado 2 do artigo 9.
2. Para os efectos do establecido no apartado precedente, considéranse inmobles obrigados a contribuír, sempre que cumpran as condicións establecidas no artigo 1 da presente, os que se atopen en calquera das seguintes circunstancias:
 - a) Os incluídos no padrón do imposto sobre bens inmobles ou que solicitasen a alta no mesmo.
 - b) Aqueles que excedesen o prazo máximo concedido pola licenza de obras para a construción dos mesmos, aínda cando non solicitasen a correspondente licenza de primeira ocupación.
 - c) Aqueles que contén con provisión eléctrica ou de comunicacións.
3. A falta de declaración de alta ou modificación no uso, nos casos de obra, determinará a liquidación de atrasos desde a data de solicitude da correspondente licenza ou desde a de calquera acto municipal anterior á mesma que declare a existencia das referidas obras, salvo proba en contrario.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

1. A contía da cota da taxa poderase actualizar conforme ao Índice de Prezos do Consumo (IPC) establecido para o Estado polo Instituto Nacional de Estatística (INE).
2. O cálculo da actualización farase tendo en conta a evolución do IPC durante período comprendido entre o mes de agosto do ano no que se aprobara a última actualización e o mes de xullo do ano inmediatamente anterior ao da súa aplicación a, ambos inclusive.
3. A actualización requirirá, para a súa efectividade, a súa aprobación polo Pleno, conforme ao procedemento previsto no artigo 17 do Real decreto legislativo 2/2004.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA

Aqueles contratos que pola súa antigüidade se formalizaran a nome dos contribuíntes usuarios do servizo en vez de ao substituto do contribuínte, a empresa concesionaria terá a obriga de notificar o requirimento da documentación necesaria para cambiar a titularidade da taxa no prazo de seis meses desde entrada en vigor desta Ordenanza Fiscal.



DISPOSICIÓN FINAL

A presente modificación da Ordenanza, aprobada polo Pleno da Corporación na súa sesión do día 27 de outubro de 2004, aprobouse polo propio Pleno na súa sesión do día 24 de outubro de 2008, e, unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2009, producindo efectos ata a súa modificación ou derogación.